

¡Galicia! Nai e señora, sempre garimosa e forte; prto e lezes; onte, a o-ra. mañán... na vida e na (morte!

R. CABANILLAS

A nosa terra

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO
 1 - Galicia, unidade cultural.
 2 - Galicia, pobo autónomo.
 3 - Galicia, co muniñade cooperativa.
 4 - Galicia, célula de universalidad's.

Ano XXX



BÓS AIRES, SETEMRO 1946



Núm. 451

DECLARACIONES DE CASTELAO REPUBLICA E AUTONOMIA

—Ao chegar a París, o noso máisimo persoeiro, con esa sinxeleza e honradez que o caracteriza, fixo unhas interensantisimas declaracións, que foron publicadas en "La Nouvelle Espagne" e que nos compracemos en reproducir.

Vede aquí o que dí o citado xornal:

Un galego representativo

A pouco da súa chegada a París, fomos a visitar a Castelao. Perdón. Ao Sr. Castelao, ministro da República, quixemos dicir. Pro é que o señor Castelao ten unha personalidade tan forte, tan acusada, tan vigorosa como galego, como escritor, como artista e como paladín dunha idea — a autonomía de Galiza en función da República hespañola — que entre os galegos que o coñecen e o queren — máis ben, que o queren, porque o coñecen —, eso do "Sr. Castelao" dísona un pouco, como si dixéramos, falando dun persoahe histórico, D. Viriato ou o Sr. Mendizábal. Non imprica, pois, o noso deseuído unha irrespetuosidade; ao contrario; é que o carácter fundamente racial e simbólico do Sr. Castelao resiste e pide ás veces este tratamento escueto e neto dos homes outamente representativos.

De Nova York a Pampa

Ven o Sr. Castelao carregado de insinanzas e de anécdotas da América. I eisponas e relátaas coa súa verba peculiar, suxestiva, coorida e amena. Fala non para unha interviú, senon para unha dúcia de artigos, para un libro de prosa ben nutrida. O difícil con él é a selección, o "triage", que din os franceses, porque canto eispón semella — i éo — interesante.

Forza será deixalo para in- tres de espazo e folgura e aterse ao que agora máis importa.

O Sr. Castelao percorreu case que toda a América.

El dínos:

"Estiven dous anos nos Estados Unidos, convivindo coas colonias galegas ali establecidas; recorri até as lonxanas terras de California; vivín en Cuba, no Brasil e nada menos que seis anos nas nacións do Prata, traballando sempre pol-a meior unión das sociedades galegas ali orgaizadas.

E ao dicir que vivín nestos países — engade — non me refiro sóio ás capitaaes, ás grandes cidades, que ese sería un coñecimento superficial i epidérmico... Estiven en contacto cos povos, co campo, coa Pampa, coas apartadas zonas mineiras e agrícolas... Onde queira que haxa un grupo de galegos — e hainos en total-as partes — convívín con eles e participéi dos seus sentimentos e os seus anxeios. ¡Coñezo aquélo a fondo!

Veño ao goberno como republicán

—E ben — interrumpimos — vamos agora ao intre presente Sr. Ministro.

O Sr. Castelao sorríe bondadosamente e dínos:

—'Agora represento a Galiza no goberno, ou dentro do goberno, si vostede prefire; e como tal ministro, non podo dicir outra cousa senon que veño limpo de prexucios e de preocupaciós, cos ollos postos na miña Terra e na República, a acadar con lealdade e firmeza os acordos dese goberno, como republicán, e nada máis que como republicán. Porque, anque, en efecto, eu hómrome en pertencer ao Partido Galeguista, a miña representación eiscede dos seus límites. Eu represento neste intre, como galego, aos republicáns de todos os partidos, ou si se quere, de ningún partido.

A Representación de Galiza e a eispansión galega na América

Parésceme xusto que Galiza teña un delegado no goberno da República, por virtude do seu dereito a se rexire autonómicamente. Así como o teñen Cataluña i Euzkadi, que xa outuveron a consagración do seu dereito á autonomía, Galiza debe poseelo igoalmente. Non hai diferenza algunha en xustiza —subraía o Sr. Castelao—, anque pode dicirse, utilizando, que a haxa no orden estrictamente legal.

Formulamos ao Sr. Castelao unha pregunta obvía:

—¿Conta vostede coa conformidade dos galegos?

—Conto coa confianza de total-as forzas democráticas orgaizadas que traballan na resistencia interior da nosa Terra e que loitan na clandestinidade pol-a liberación de Galiza. E que loitan —añada vostade— eficazmente, a pesares da opresión e do terror franquista, tan severo no país galego. E conto cos nosos paisanos da América. Coa simpatía e o apoio dos emigrados galegos. Forza ésta tan enorme, que moitos descoñecen.

Vexa vostade... Os galegos que de Galiza van a América agloméranse con preferenza nas grandes cidades atlánticas: Nova York, A Habana, Río de Xaneiro, Bahía, Montevideo, Bós Aires... (Outro día falaremos das razóns históricas pol-as que alá a todo hespañol se lle chama "galego"). América é a eispansión de Galiza. Soio no Prata hai meio millón de galegos. O Prata é a metrópoli ideial dunha Galiza ceibe. Pois ben... Ese foi cabalmentes o lugar que —despós de percorrelo todo— elixín para a miña residencia no Novo Mundo. E craro que a elección non-a guiou o azar. Alí vivín, e ahí vai unha confesión: Alí non sintín o desterro. Vivín nesas terras como na miña Terra, rodeado de compatriotas, cuxa característica na emigración é o amor eisaltado á súa patria, unha capacidade de orgaización e un sentimento práctico da solidariedade como non poden vospor eiseemplo, que as propiedades darse unha idea.

Hai para falar un ano. Pero, como datos elocuentes, direille, des inmobles do Centro Galego da Habana, que é dono do mellor teatro da capital, están oficialmente valoradas en algo máis de cinco millóns de dólares.

O Centro Galego de Bós Aires conta con 85.000 socios cotizantes.

A Casa de Galicia de Montevideo ten 25.000 socios.

E no resto da América, aparte dos grandes centros, están as entidades comarcales, numerosas e de sólida situación económica. Vostedes dirán si é unha forza ou non.

—Evidentemente, Sr. Castelao.

República e Galiza

—Pois esa forza galega orgaizada — dígao vostede ben craro en "La Nouvelle Espagne" sin temor a que o desmintan — está ao lado da nosa causa e loita apaixonadamente por ela. O seu lema é: "Galiza e República". Ou ben: "República e Galiza", tanto nos da.

E tanto nos da — engade o señor Castelao despós dunha breve pausa—, porque os dous términos do lema fúndense e confúndense para nós. Pois si entendemos que Galiza non pode disfrutar dunha verdadeira autonomía senon dentro do réximen republicán, tampouco concebimos unha República que non dea satisfacción aos léxitimos anxeios de Galiza.

Así, pois, baixo ese lema armónico e perfecto, estamos xunguidos os aquí, os do interior e a considerabel masa de emigrados galegos da América para lograr estas dúas cousas: o restablecemento da República e a Autonomía de Galiza. ¡Que as lo-graremos!

E con ese lema, respaldado por esa gran masa galega, conscente da miña responsabilidade, veño ao goberno legal —repto— sen prevencións nin prexucios, a traballar serea e lealmente pol-a República Hespañola e a servir á miña Terra Galega.

Con estas verbas da fin o Sr. Castelao á súa conversa optimista i espranza; e ao despedirnos dél con "unha forte aperta", ao marxen do protocolo, cruzáanse os nosos vítores, que son:

¡Viva a República!

¡Viva Galiza!

Dous vivas que, xa vai dito, non son máis que un soio".

Galego: Que ningunha intriga de intereses alleos esmoreza o teu patriotismo n-esta hora decisiva para Galiza. O teu deber, a tua honra e a tua dignidade fican xunguidas a representación da nosa Patria no Goberno da República.

Apoiála, defendela e prestalle todo o teu esforzo é unha obriga sacra

Importante Documento Político DOS GALEGOS DE MEXICO

No noite do sete de Xunio de-rradeiro, reaizóuse en México unha xuntanza de persoeiros dos partidos, sindicades e orgaizaciós política galegas seguintes: Partido Galeguista (Seición México), Unión Xeral de Traballadores de Galiza, Partido Comunista Hespañol (Comisión Galega), Unión Republicana (Seición Galega), Agrupación de Socialistas Galegos e Xuventude Socialista Unificada de Galiza. Tamén istivo presente o Delegado en México do Consello de Galiza Prof. Xohan López Durá.

A xuntaza tiña por ouxeto considerar a aitude dos orgais- mos políticos galegos diante da recente ampliación do Goberno Republicano presidido polo Doutor Xosé Giral coa asiñazón d-un ministerio a Galiza e co nomeamento do deputado galego señor Alfonso R. Castelao pra ocupalo.

Fixeron amplas eisposicións o doutor Manuel Fernández Márquez, os profesores López Durá e Lois Soto Fernández, e os señores Barreiro, Redón e Rodríguez de Bretaña, todol-os cales

concordan en eispresar, coma galegos, a patriótica e afervoa- da satisfacción de que se hou- bese recoñecido a persoalidade de Galiza dándolle representa- zón no Goberno da República Hespañola coma xa a tiñan Cata- luña i Euzkadi; e tamén con- cordaron en atopar moi oportu- na e certaíra a desiñazón do si- ñor Castelao pra integrar o Mi- nisterio de Giral coa dita repre- sentazón.

Finalmente acordóuse, por unanimidade, que unha delega- ción composta pol-os señores doutor Márquez, López Durá, Caloto e Redón, fíxese entrega ao Xefe do Goberno, señor Giral, n-aquíl intre en México, do documento que transcribimos máis abaixo, previo xestionar a firma do mesmo pol-a Seición Galega da C.N.T. ea Agrupación de Republicanos Galegos que non estiveron representadas na xuntaza.

O documento foille entregado o día seguinte ao señor Giral na Embaixada d'Hespaña.

Veilequí o texto do dito do- cumento:

"Al Excmo. Señor Presidente del Consejo de Ministros de la República Española.

"Excmo. Señor:

"Las entidades políticas y sindicales gallegas que tienen el alto honor de dirigirse a V.E. suscribieron, directamente unas y otras a través de sus organismos centrales, el trascendental y patriótico acuerdo de concordia republicana, de 8 de agosto de 1945, que hizo posible la reinstalación de los órganos constitucionales de la República en el exilio.

"Ampliado el gobierno que V.E. tan dignamente preside, nos consideramos obligados, como autonomistas gallegos y republicanos españoles, a participar por ello nuestra satisfacción, por lo que a Galicia se refiere, así como también por el justo reconocimiento de la personalidad de Galicia, cuyos anhelos de autonomía impulsó a los republicanos gallegos, sin oposición alguna, a plebiscitar favorablemente el Estatuto Gallego el 28 de junio de 1936, y por haber designado V.E. Ministro, para representar a Galicia en el Gobierno de la República, al eminente patriota y meritisimo republicano Diputado Don Alfonso R. Castelao, en quien vemos los gallegos republicanos exilados — en feliz coincidencia con las fuerzas republicanas organizadas en el interior de Galicia, cuyos deseos le fueron transmitidos a V.E. en París — al fiel representante de nuestros ideales comunes de República y Autonomía, sin que ello signifique por nuestra parte menoscabo alguno para las demás destacadas personalidades republicanas gallegas.

"Aprovechamos esta oportunidad, señor Presidente, para reiterarle nuestra consideración personal más distinguida, al mismo tiempo que hacemos votos por el éxito del Gobierno en la patriótica misión en que se halla empeñado".

México, D.F., a 7 de junio de 1946.

Por UNION GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA: Ramón T. Fernández y Luis Soto Fernández.

Por COMISION GALLEGA DEL PARTIDO COMUNISTA ESPAÑOL: N. Barrero, J. Caloto y José Díaz.

Por AGRUPACION DE SOCIALISTAS GALLEGOS: José Rebón.

Por UNION REPUBLICANA: (Sección Gallega): Dr. Manuel Fernández Márquez.

Por PARTIDO GALLEGUISTA (Sección México): Roxelio Rodríguez de Bretaña y Elixio Rodríguez.

Por JUVENTUD SOCIALISTA UNIFICADA DE GALICIA: Manuel García.

Por AGRUPACION DE REPUBLICANOS GALLEGOS: Juan Moré.

A Seición Galega da C.N.T. eispresou a súa prena conformidade co eisposto do dito documento, máis que, por razóns espediaes, en troques de firma- lo cos demás partidos e orgaizaciós, dirixiría ao señor Giral unha carta adheríndose ao seu

recontido. Prácticamente, pois, os eisila- dos galegos de México respaldan ao noso esgrevio irmán Castelao na súa misión histórica, coma representante da Galiza no Go- berno da República Hespañola n-ista hora acugulada de angus- tia e de responsabilidades.

O Paraíso do Réximen Franquista

Fusilamentos a oito

O doutor Xoán A. Meana, avente do goberno republicán hespañol en Washington, anunciou haber transmitido ao segredo xeral da U. N., Sr. Trygne Lie, a lista das persoas executadas ou condenadas a morte polo réximen de Franco, "información que foi comprobada dende o interior de Hespaña e que demostra a continuación da política de terror destinada a destruír a crecente oposición contra aquél". A lista comprende os nomes seguintes:

Honorato Corral Alonso, Xoán Marcano Bengochea e Alfonso Artigas, todos de Sevilla; Cándido Madruanda, Manuel González Castellanos, Gabriel Salinas Rodríguez, Lucio Serrano Grado e Xesús Hernández Palacios, todos de Cádiz; Atilano Bocal Durán, Cristóbal de Miguel Villa, Emilio García, Dionisio Fraile, Xosé de Cruz Peinado, todos de Madrid; Xosé Romero Encinas e Xulio Sánchez, de Alcalá de Henares; Bonifacio García, Ramón Vivera Aliada, Segundo Nieto López, todos de Barcelona.

A nota engade que Nicasio Sáenz Quintana foi executado en Zaragoza e que en Madrid condenouse a morte a Ramón de Prados Blanco.

En Málaga a garda civil dou morte a Ramón Fernández Vías no medio da rua; en Tejerías (Ávila), Xoán Martínez Ramos e Claudio Acerete foron mortos de igual maneira; en Bilbao, Daniel Álvarez morreu no hospital a consecuencia dos golpes que lle propinou a policía, así como Xosé Aguirre Iturbe, en tanto que Alexandre Moreno morreu na cárcel pola mesma causa. Os estudantes Xulio Nana, Victoriano Huertas e Domingo Letamendi foron torturados en San Sebastián, morrendo o derradeiro a consecuencia dos sufrimentos padecidos.

Na Cruña, 40 antifeixistas foron sentenciados nun sóo día e en Vitoria arrestouse a 50 republicáns, despois da manifestación organizada con motivo do congreso da Pax Romana. Antre o número de persoas arrestadas en Hespaña nos últimos 3 meses fórono 262 no norte e máis de 700 en Cataluña.

Esta información concreta, que foi publicada nos xornais de Bós Aires, é a proba máis evidente das simpatías con que conta o réximen falanxista. Si ao cabo de sete anos de goberno, sen contar os tres que durou a guerra civil, en Hespaña hai a necesidade de seguir matando xente para soste-lo réximen imposto pola forza, pode dicirse que endexamáis haberá paz na nosa terra mentras nela non se restableza a soberanía do povo.

"Non consentiremos — din os campeóns da democracia — non consentiremos que en ningún lugar do mundo haxa un goberno que non sexa a expresión da vontade da maioría do povo".

Polo visto, o goberno do caudillo é un goberno que ten ao seu lado a cáseque toda a na-

ción. Craro, dese xeito, ¿quén se pode opoñer aos mandados do amo? ¿Quén ousará facerlle a contra? Soio os que se atopen cansos da vida, astréveranse a negar que Hespaña é un edén.

Verdadeiramente, é mester ser un malvado ou un parvo o coidar que publicando notas como a que deron Inglaterra e Norteamérica en contra de Franco, pódese cambiar o réximen hespañol. A política de Chamberlain volve outra vez ao primeiro prano. A guerra que se acaba de gañar a costa de tantos millóns de vidas e de tanta riqueza perdoada non valeu de nada.

O fantasma do comunismo é de novo esgrimido polos neofeixistas para gañar a paz. Estamos como despois da guerra de principios de século. Hai que erguer murallas en contra do ourense. E para elo hai que soste-lo os estados feixistas e resucital-os que habían sido destruídos.

Algunhas voces honradas comenzan xa a facerse ouvir para poñer alerta á humanidade. O fillo de Roosevelt, publicando o libro "Así o veía meu pai", e o ministro de Comercio dos Estados Unidos, Sr. Henri Wallace, que tan identificado estaba coas ideas do gran estadista americano falecido, craman contra da política de Truman, que serve somentes aos intereses da insa-

O GOBERNO VASCO

Integrado por representantes de todol-os partidos antifeixistas vascos, quedou constituído o goberno de Euzkadi na seguinte forma:

Presidente, Xosé Antonio de Aguirre; Facenda, Xesús María de Leizaola; Cultura, Telesforo de Mouzón; Interior, Xosé María de Lasarte; Industria e Navegación, Fermín Zarza; Seguridade Social, Enrique Duñas; Traballo, Serxio Echeverría; Agricultura, Gonzalo Nárdiz; Comercio e Abastecimento, Ramón María de Aldasoro; Obras Públicas, Leandro Carro.

O goberno fixo unha declaración, afirmando a súa vontade de loitar con todas as forzas en contra do réximen tiránico que impera na Hespaña en xeral e no país vasco en particular.

Felicítamos cordialmente aos novos ministros e desexámoslles un éxito franco na laboura a desenrolar.

ciabel Wall Street.

¿Será posíbel que tan cegas estén as xentes que non vexan a catástrofe que non tardará en producirse se non se modifica a conduta dos directores da política aital?

Confiamos en que a sensatez terminará por imponse a tanta ambición e falla de miolo e, sobre todo, confiamos en que os povos, esto é, a carne de cañón, non se prestarán a facerlle o xogo aos novos munichistas.

E se así non sucedera, val máis que unha bomba atómica termine dunha vez con este desventurado mundo.

Aitividades do Ministro Señor Castelao na Franza

Da segredaría da presidencia do Consello de Galiza en París, chéganos noticias das primeiras aitividades do ministro galego no Goberno Republicano, señor Castelao.

Empezan elas por facer resaltar o recibimento cordial de que foron ouxeto en París os dous ministros republicanos chegados de Bós Aires; señores Augusto Barcia e Alfonso R. Castelao, por parte dos demais membros do goberno, dos cidadáns hespañoes e de políticos e intelectuales franceses. Polo que respecta o señor Castelao tivo especialmente afervorado acollimento dos núcleos galego, vasco e catalán, xunguidos na Franza polo vencello ideolóxico de Galeuzca.

O Presidente da República, señor Diego Martínez Barrio os agasalhou c-unha comida. Tamén o señor Giral tivo pra o señor Castelao mostras d-especial consideración e personalmente o presentou na tertulia do ilustre intelectual francés Paul Rivet quen acababa de presidir a Asambrea Internacional Socialista.

UNHA "INTERVIU"

A prensa en xeral de París adicou ao señor Castelao garimosas notas poñendo de releve as suas facetas de político, dibuxante, escritor e "líder" do nacionalismo galego. O periódico "La Nouvelle Espagne" fíxolle unha "interviu" que publicou a grandes titulares e que noutro lugar deste número temos o gosto de reproducir.

OS "MAQUIES" GALEGOS

O señor Castelao tivo a grandeira satisfacción de recibir a visita d-unha delegación dos heróicos galegos que nas fías da organización do "maquis" francés, loitaron denodamente pola liberación da Franza. A dita delegación, recoñecendo no señor Castelao, a máis outa representación da Galiza li-

bre, fíxolle onsequio do bandeirín que, cos coores da bandeira galega, levaron o frente na dramática loita que desenrolaron alcontra do nazismo invasor. O noso Ministro recibiu, fondamento emozonado, a histórica insíña e prometeu levala a Galiza, na compañía da bandeira galega que lle entregaran os patriotas galegos de Bós Aires, o día glorioso da liberación da nosa Patria.

OS IRMANS PORTUGUESES

Os portugueses republicanos esilados en París acolleron a Castelao con agrimo de irmán. Unha das súas máis outas figuras, o señor Domingo dos Santos, ex-presidente do Consello de Ministros da República Portuguesa, tivo con el unha longa conferencia, na cal eispresoulle a Castelao a súa crara comprensión dos ideaes de GALEUZCA e as suas felicitações polo seu discurso na presentación do Consello de Galiza en Montevideo considerándoo como peza trascendental pra unha futura política de alianza peninsular. O señor Santos, que dirixe en París a revista "Iberia", entregoulle a Castelao unha colección da mesma na que se teñen reproducidos moitos dos traballos do noso "líder".

OS IRMANS VASCOS E CATALAS

O presidente do Goberno Vasco, señor Aguirre, agasalhou con unha cea o señor Castelao na que trataron longamente dos problemas que interesan a os povos que ambos representan. Tamén os catalás lle eispresaron ao presidente do Consello de Galiza a sua simpatía e solidariedade polo conduto do seu outo perseiro señor Carlos Pi i Suñer (o presidente señor Irla atopábase fora de París) con quen mantivo importante conferencia sobor da política de GALEUZCA.

Unha das Delicias da Hespaña de Franco: o "Estraperlo"

O signo da Hespaña falanxista no orde económico é: o "estraperlo", ou sexa o que se entende por "Boisa negra". Tudo o mundo elí, dende os de máis enriba hastra os de abaixo, vive pendente e metido n-elo. Uns aitalando de "estraperlistas" (vendedores a prezos ilegales) e os outros coma compradores forzados pola fame no que respecta aos comestibles, ou pola necesidade cando se trata d-outros artigos. Pola torpe, —ou demasiado "intelixente" política dos xerifales falanxistas—, tudol-os artigos de máis necesidade, están nas gadoupas do "estraperlismo". Elo é fonte abundosa de toda crás de inmoralidad e perturbacións económicas; funcionarios de outa, mediana e baixa xerarquía, capitalistas, industrias e comerciantes, grandes e pequenos, están emporecallados no "estraperlismo"... Faise "estraperlo" cos víveres, coas meicías, coas teas, cos calzados, cos materiais de construción, cos billetes de ferro-carril, co tabaco, coas ferramentas de traballo e hastra cos boletos do subterráneo de Mañri!...

O "estraperlo" é un verdadeiro cáncer que corroe o réxime, máis que tamén, disgraciadamente, esnaquiza moral e materialmente ao xa tan castigado povo das Hespañas.

El Estraperlista de Tabaco

Le desea a Vd felices Pascuas

y un próspero Año Nuevo.

Orense, Diciembre de 1945

Tan xeneralizada é a añormalidade do "estraperlismo" que xa chegou a ser "normal". Esí é coma un dos tantos lisiados da guerra que se teñen que gañar a vida vendendo tabaco de "estraperlo" nos cafés de tudal-as cibdades d-Hespaña, nas derradeiras Navidas, repartía antre os seus fideles clientes a tarxeta que reproducimos aquí... O mesmo que fan os carteiros, os mensaxeiros, os barrendeiros... O probe home, —no meio de tanta ilegalidade legalizada pola costume— xa se coida exercendo un oficio lexítimo. Son cousas e górias do Imperio!

A República de Bulgaria

Facendo contraste co plebiscito grego, o que acaba de realizarse en Bulgaria doulle un rotundo triunfo ó sistema republicán. En efecto, arredor dun noventa por cento votou a favor de tal réxime de goberno.

A penínsua dos Balcáns, a penínsua rebelde, que era considerada outrora como o "povorin da Europa", sacude o xugo das vellas monarquías, intrigantes e despóticas, e toma un novo viro, de fachada democrática. Sóio a Grecia mantén os apollados trastos da realeza; pero poida ser que non duren máis que o tempo que tarden en saír do país as ametralladoras inglesas.

Como idealista, amantes da xustiza e da liberdade dos povos, énchenos de satisfacción o ver cómo as nacións van sacudindo as tiranías e recobrando os dereitos que caseque tiñan xa esquenecidos, a causa la longa opresión que as esclavizaran.

Pero no noso corazón esborda de amargura, ao pensar que para nós non hai as consideracións que se teñen co país máis des-

venturado da terra.

Nós, que fomos os primeiros que nos encaramos coa barbarie feixista; que demos o noso sangue por defender os mesmos ideaes por que morreron tantos ingleses e norteamericáns, somos agora abandonados, como parias indeseables, ao sadismo dunha camarilla de dexenerados, que non se farta endexamáis da súa enfermiza crueldade.

Hai que apretal-os dentes e saber esperar. Días virán en que tadol-os nosos maes terán remedio. Entón será o intre de pedir contas, non somentes aos bandidos que nos roubaran o noso fogar, senon aus seus cómplices, aos que nos venderon e nos entregaron manietados aos verdugos por un prato de lentellas.

Mais para eso, para lograr a vitoria que aneiamos, é mester que traballemos lealmente, todos xunguidos, nun ideal común, que é o restablecemento da República en Hespaña e a autonomía para a nosa terra.

Acumuladores
"Beit - Bat"
SON OS MELLORES
Rúa Corrientes, 474
ROSARIO

CASA DURAN
• SOMBREIROS
• CAMISAS
• BONETERIA
• PANTALOS
30 Gral. Bosch 30 U. T. 22 - 440^F
AVELLANEDA (PIÑEIRO)

PENEIRANDO FARIÑA ALLEA

Elliott Roosevelt ACUSA Prieto Quer Socializar o Ar

por VAZQUEZ DA XESTA

...“E mágoa comprobar que despois do inmenso sacrificio feito, que custou dúzias de millóns de vidas, fiquese esquecido ao cabo duns meses, e os que tal esquecer sexan precisamente aqueles que xamais se atoparon no sitio debido... Aqueles que ditan aos xornais en cadea, a loita pol-a liberdade da irresponsabilidade da prensa...”

ELLIOT ROOSEVELT

Elliott Roosevelt, co seu libro “Asín o via meu pai”, pu-xo ao descuberto as maquinacións dos grupos de homes sen escrúpulos que xa teñen preparada a terceira guerra mundial. Unha forte garamalleira de intereses noxentos, alleos ao progreso dos povos, deu comezo a unha xeira calculada para crear as condicións axeitadas i emborcar a humanidade noutra manzanza infernal. Custa traballo creelo, mais é verdade. Todo está preparado. As axencias noticiosas anglo-norteamericanas, espárense ao vento, con ritmo diapasoadado, as notizas máis discordantes e sensacionais. As ca-deas de xornais espallan, nos seus países respectivos, a incertidume no home común, facendo dun pequeno estouro de foguete un verdadeiro terremoto. A conferencia da paz semella unha feira de regateiras, disposta de antemán para non pórse de acordo. As escuadras en pé de guerra, viaxan dún a outro povo. A guerra civil na China, convén... De mesmo xeito convén Franco en Hespaña, Inonu en Turquía a Pandilla reacionaria en Grecia... e quizáis, cuasi certo, De Gaulle na Franza. Coroando ista rede ben tecida, atópase a bomba atómica que, nas mans empércalladas do egoísmo, serve de espantallo do terror.

Elliott Roosevelt, dinos que non hai migalla de casualidade en todo isto. E os milleiros de millóns de individuos que viven aboiados, remoendo o porqué han de matarse uns a outros contra a súa mesma vontade, teñen a resposta diante seus propios ollos.

O libro de Elliot Roosevelt é unha verdadeira bomba anatómica, ou dito doutro xeito: a anatomía da bomba atómica.

E pensar que aínda o mundo se atopa povoado de laios, que o sangue derramado xenerosamente pol-a mocidade nos campos de loita está quente...

Pensar que o egoísmo dunha caste desalmada siga bulrándose dos sentimentos sinxelos do povo, abandullándose a conta da fame deste e trocando vidas humanas por rendas de intereses grosseiros, é como para arrepiarse de noxo diante tanta cativés.

Pol-o de pronto, Elliott Roosevelt, prestoulle á humanidade un outo servizo. De agora en adiante, os comerciantes da guerra, fican ao descuberto. Si a cegueira dos povos lles permite desenrolar os engaiolamentos e desatar outra guerra, será cousa de pensar que o home común é parvo e, por conseguinte, inmerescente dun destino millor.

Prieto quer socializar o ar

Indalecio Prieto tennos acostumados, de cando en cando, a unha das súas argalladas. Fai dous anos presentou un informe da política hespañola e internacional ao grupo socialista hespañol de México —e que éste aprobou—, no qual adicalle aos problemas hespañoles dúas fracas liñas dunha columna. Compre aclarar, según o tal informe, que para Don Inda, todol-os problemas hespañoles fican reducidos aos sindicatos e municipios. En troques, arremuiñou as orellas e meteuse a desensarillar a política anglo-polaco-soviética. Desmitizou os problemas políticos deses países ao seu xeito; púxolle un par de banderillas ao goberno soviético, defende ao goberno polaco de Londres e pronosticou o triunfo dos laboristas en Gran Bretaña. No altar dos laboristas británicos depositou a liberación dos povos hespañoles. Pois ben: trunfaron os laboristas; xa son poder fai máis dun ano e principais manteñedores da situación hespañola. I é o goberno polaco de Varsovia —non os argallantes feixistas de Londres— i é o goberno soviético de Moscú, os únicos que defenden, co peito aberto e a testa ergueita, a causa da República. E foi en Postdam i en Yalta, onde Rusia puxo sobor do tapete o problema hespañol; e foron os británicos, coa a presenza dos laboristas, os que se opuxeron a darlle solución.

Mais agora non se trata xa de arranxar a casa allea, vocación irresistible en Don Inda, senon dun proxeito de socialización en Hespaña.

Don Inda, remoeu súas ideas, escarabellou seus pensamentos, afinou a gorxa e lanzou o proxeito de socialización da terra, mar e ár. Para elo non tivo necesidade de botar man da filosofía marxista, nen das esperencias habidas, pois éle ten siso dabondo para crear todo un sistema (!). Así, pois, dinos tan campante, que a terra douna Deus, igoal que o mar e o vento, para todos. En troques a industria, a banca e o comercio non deben ser socializados por ser froito da habilidade dos homes. Pol-o que fai ao vento, de acor-

Un Probrema de Sempre

Hastra fai uns anos Galicia aínda recibía cartos dos emigrantes qu-estaban nos países d-América; agora xa cuase non recibe nada i-ás perspeutivas son de que cad-hora vai a recibir menos como contribución dos seus fillos que viven no eistranxeiro.

Cando os emigrantes, ou emigrados, (que agora fíxose unha confusión d-estas verbas cos emigrantes voluntarios i-os forzados, aínda que, en certo modo, todos somos forzados); cando os galegos da emigración mandaban cartos a Galicia xustificándose, pol-o menos en pequena parte, o feito de emigrar, pois, como queira que fose, aínda a nosa terra recibía algo dos seus fillos alonxados.

Agora que non van cartos pra Galicia e que non se entrevé a posibilidade de que poidan ir no futuro, pol-as medidas cada vez máis difíciles de superar que toman os galegos d-estes países, xa nin por aquilo se xustifica a emigración; de xeito que, un país com-ó noso que non ten aínda o probrema da superpoboación, sempre vai a pura perda ó dar continxentes de traballadores ós países, privándose, así, da riqueza que aqueles representan dendo punto de vista da produción e do crecemento da poboación do país.

Xa sabemos que pra Galicia sempre foi un mal negocio esa nosa manía d-emigrar; ben é certo que cuase sempre houbo razóns de peso pra facel-o pro, non é menos certo que, en lugar de buscar solución ós probremas na nosa terra, todo o resolvemos fuxindo pro extranxeiro porque elo, así de comenzo, resulta máis cómodo.

Sempre foi mal negocio pra Galicia o emigrar dos seus fillos, pois, a decir verdade, aínda os cartos que chegaban alí dos emigrados (aparte de non servir máis que pra pagar trabucos e contribucións e tolerat-os caladamente) fomentaban certa nugal-la en algunhas xentes que se acostumaban con facilidade a agardal-o todo d-América i-a ir tirando con eso e deixando pasar o tempo sin tomar decisións nin emprender nada novo alí pra ter certa independencia.

Así se tolerou sempre o caciquismo i-as abafantes imposicións alleas, porque os cartos qu-iban

do, con Don Inda. Pero isto de que o mar e a terra se socialicen porque —según éle— non é froito da habilidade e da técnica do home, xa é mexar fora do risco... Namentras non saibamos onde se atopa a terra que dá froito por espontaneidade a gosto do paladar i o mar que pón o peixe nas tixolas o ritmo dun asobío, non percibemos o que quer dicer Don Inda.

Si toda a ciencia social de Don Inda consiste no que espón no folleto de referencia, é nos doado pensar que o clima do trópico eiboulle os orgaos do raciocinio.

André Siegfred, da Sorbona de París, díxonos fai uns días, que aquelas ideas e conceitos sociais que se atopaban en pleo desenrollo no ano 1939 nas democracias, morreren. Supoñamos, agora, a descuberta que nos fai Don Inda, desferruxando ideas soltas do século XVIII e XIX, nada menos nen nada máis, que de Floridablanca, Florez Estrada e Costa.

¡E como para morrer doidos!

d-América daban pra “ir tirando” i-anque mal, permitían ir aguantando xa que, anque fose con d-abonda estreitez vivíase, calábase e consentíase todo.

Por outra parte, a emigración sempre se levou todo o mellor, os homes rexos, a xente moza que podía ter inquedanzas i-arrotos feros, chegado o intre, o máis capacitado i-o que mellores autitudes podía desenrolar alí. De xeito que, por donde queira que se mire, a emigración sempre se traduciu en pro-beza pra Galicia, unha probeza fomentada pol-os persoeiros da Hespaña oficial que máis quer unha Galicia despoboada que chea de xuventude i-enerxía, máis quer unha Galicia habitada por xente anciana que pol-a xuventude que ten ideais e pode rebelarse.

Agora ben: compre que, no mañán próximo, cando se estableza a República en Hespaña e Galicia teña o seu goberno propio, este goberno da nosa terra trate por todol-os medios posibles de facer que non siga a sangría da emigración, evitando, aínda que sea con medidas un tanto rexas, que a nosa xuventude salla pol-o mundo adiante e deixe a patria na que poderá desenrolar as súas actividades creadoras con porveito.

E nós, os emigrados, pol-a nosa parte, temos que colaborar tamén pra facer que a emigración non siga sendo un mal negocio pra Galicia; temos de facer que desapareza ese gran mal que roie o corazón da nosa terra; temos que facer unha campaña contr-a emigración pra que a nosa terra non siga perdendo as enerxías da súa xuventude, pra que as nosas xentes se de-caten de que tamén alí se pode vivir ben sempre que se poñan en práctica as mesmas autitudes que se poñen na terra allea, sempre que se poña a proba a mesma capacidade e se teña a mesma constancia que se ten no

extranxeiro.

Galicia non ten o probrema de falla de espacio, non ten desmasiada poboación e ten riqueza d-abonda pro manter a todos os seus fillos s-eles saben desenrolar a súa intelixencia e sacar porveito do que a nosa terra da e do muito que aínda ten pra dar a quen llo seipa pedir.

As riquezas do noso chau están aínda sin eixprolar, hai alí de todo e somentes fai falla poñer a intelixencia en funcións creadoras pra que a terra non done canto seia preciso. Con que se vitalice a nosa agricultura, a nosa gandería e se dea impulso á industria; con que se lle imprima novo ritmo ó comercio e se eixproten as riquezas do subchán haberá d-abondo como pra que no se sinta máis a necesidade de emigrar.

Todo é cousa de que as nosas xentes se despoñan a mellorar o que hai i-a sacar porveito do que a Natureza nos deu; todo é cuestión de renovar métodos e de impoñer unha consina propoñéndose ter alí tanto, ou máis, do que se pode conquistar nas terras alleas.

O goberno que chegue a ter Galicia, n-un futuro próximo, terá que canalizar as autidades do povo deic-a maior e mellor eixprotación das riquezas da nosa terra e terá que poñer vallas á emigración; tamén terá que desenrolar unha campaña de valoración e levar a coñecemento do povo as posibilidades que se lle poden dar alí i-a conveniencia que lle ten o non fuxir pol-os vieiros da emigración.

I-os emigrados que nos de-cetamos do mal que representa pra Galicia ese noso desplazamento pro-os países eixtraños, temos a obriga de axudar a esca-recer ese problema de tan fondas consecuencias e facer canto poidamos pra que ese mal non siga roiendo a víscera máis vital do corpo da nosa patria.

Avelino Díaz.

As Bodas de Prata da Federación de Soc. Galegas

Un locido programa de feste-xos realiza a Federación de Sociedades Galegas para celebrar os seus 25 anos de eistencia.

Comenzaron os aifos o 21 do aifnal con un lunch en honor da prensa arxentina, no salón da casa social. Estiveron presentes os representantes dos principais xornais da capital.

Ofreceu o agasallo o director de “Galicia”, Sr. Blanco Amor, quen coa facilidade de eispresión que o caracteriza, saudou aos colegas arxentinos e fixo un eloxio da Federación, disculpándose de que fose él quen a eloxiara, sendo parte interesada, “porque —dixo— se nós non-a gabamos, ¿quén será o que o faga?” Dou-lles logo unha lavazada ás “estructuras faraónicas” — foron as súas verbas — da co-leitividade e termiñou dirixíndose de novo aos periodistas arxentinos para pregarlles que non se es-quezan do ptolema hespañol, que tanto afeita aos países de América, fillos da mesma nai.

Hespaña, que oxe atópase enca-deada e suxeta a unha tiranía crudel e sanguinieta. Calurosos aprausos coroaron o brillante dis-curso de Blanco Amor.

Mo día seguinte houbo audi-

cións radiotelefónicas adicadas pol-a Federación á co-leitividade galega e o lúnes, 23, inaugurou-se unha eispresión de estampas de Castelao, que estivo moi concu-rrida.

Con variados números de música e canto e outros aifos seguiron as festas que termiñarán o 12 de outubro co eerre do concurso literario.

Ante todol-os aifos, compre destacar a conferencia de Blanco Amor sobor de certos matices da poesía galega e a de Constantino del Esla sobor “Visión y emoción de Galicia”.

A NOSA TERRA adhírese cordialmente ao regocixo que neste intre sinte a vella loitadorra entidade federal e deséxalle unha longa vida de ventura.

Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

Pedro F. Darrigol

M. DE OCA 202 - 3º F. U. T. 23 - 9081

RESTAURANT E BAR
“ADUANA”
de E. Abelaira & Cía.

A CASA PREFERIDA POL-A
COLEITIVIDADE GALEGA

San Lorenzo esq. Maipú
ROSARIO

MERCERIA

“La Maravilla”
de Laureano Fernández

A CASA MELLOR SURTIDA
EN ART'IGOS PARA A MODA

Rúa Rioja, 1111 ROSARIO

VALORES GALEGOS

ARCEBISPO LAGO GONZALEZ

Don Manuel Lago González, derradeiro arcebispo galego de Compostela, foi un dos poucos pastores da Eirexa que souperon prestixiar o báculo herdado do primeiro metropolitán galego, Diego Xelmírez.

Nado en Tui no ano 1866, en cuio Seminario encetou os estudos eclesiásticos no ano 1878. Dez anos despois, denantes de ser ordeado, foi nomeado profesor de Hebreo e de Grego; línguas que estudara en Compostela, na Universidade Pontificia, co mestre Dr. Francisco González Gómez. En 1888 ordeouse no Prebiterio, recibindo o grado de Doctor en Sagrada Teoloxía no ano 1893. No Seminario de Tui foi tamén profesor de Arqueoloxía e de Lugares Teolóxicos. En 1897 gañou, por oposición, unha canonxía na Catedral de Lugo, da que logo foi Lectoral.

No ano 1906 ingresou na Academia Galega. O seu discurso de ingreso, "Elogio del Idioma Gallego", afirmou a defensa — feita xa denantes en artigos — da lingua anerga. O galego non é só o medio propio da nosa expresión, senón unha lingua histórica, traballada polo máis fino cultivo literario, dende o florecemento medieval; un regalo dos nosos ouvidos, a suprema obra artística do espírito galego.

No ano 1909 foi preconizado Bispo de Osera (Burgos). En 1917 foi nomeado Bispo de Tui. Diante do pobo galego, que acudiu a Tui pra recibilo, dixo un gran discurso do que é este párrafo: "Creo modestamente tener un título a vuestro afecto: en Castilla, en la Corte de España, en Levante, en Barcelona, yo nunca tuve empacho en confesar mi tierra natal. Gallego soy y me he declarado con noble orgullo en todas partes, no ocultando a nadie, antes buscando la ocasión de cantar a mi viejo solar..."

A vida pública de Lago, a súa xestión oficial na rexencia do bispado pode seguirse no seu Boletín. Casi todos os números traen algunha circular, firmada por él, e sempre que pode refírese a Galiza, deitando o celme do seu saber galego, o seu contido.

En 1923 foi preconizado pra o Arcebispo de Compostela. Lago González recibiu a noticia falagado na súa galeguedade e ferido na homilanzada que era eixe da súa vida. Galiza recibiu esta nova cun fervor unánime.

O 6 de Abril de 1924 entra en Compostela. Gran festa da galeguedade. A prensa, sin excepcións, adica extraordinarios ou páxinas especiais á soidade de recibir como xefe da Metropolitana a un fillo da Terra, o primeiro dende 1795, ano da morte de

Fray Vebastián Malvar Pinto.

Na primeira oración pronunciada na Catedral, ante unha emoción que o vencía, exaltou a súa galeguedade e prometeu merecer o nome de pai con que Galiza naquel intre o acramaba.

O 4 de Maio de 1924 ingresaba como membro do Seminario de Estudos Galegos que o nomea Presidente Honorario. O Seminario de Estudos, creado no mes do outono do ano anterior, topou en Lago un novo mestre dende a súa chegada a Compostela. No seu honor orgaizouse a Exposición Castelao e na inauguración ingresaron xuntos o grande artista e o novo Arcebispo.

Un fermoso discurso do mestre Cotarello Valledor, a lectura por Castelao do seu estudo sobre "O novo espírito", precederoná máis xurdia das oracións de Lago e González. Acaroados de xente irmán, coincidente co-llo no estudo da Terra e no fervor da Patria, exaltado polo contemporáneo da Galiza forte e rexa recollida por Castelao na súa obra, Lago iniciou as súas verbas cos versos de Añón:

"Ai, esperta adourada Galiza, de ese sono en que estás debruzada!"
"O verdadeiro rexurdir de Galiza comeza hoxe, nesta xuntoiro de mestres i-escolares — afirma — En vós viña pensando, de retorno de Madrid, cando no ceo brillaban as coores azul e branca da nosa bandeira e os ouros das campias me falaban de aquel outro ouro galego que nos foi levado. O ouro galego roubado na conquista román, e nas razias islámicas, aquel en que se labrou o calis do Cebreiro, símbolo da nosa unidade espiritual. Na reconquista de Galiza loitan os mozos: "Alá veñen os mozos galegos arbolando a galega bandeira..."

O bispo, o monxe, o crego é gardador do Grial, o salvador da cultura enxebre. Así, e aquí, axuntámonos hoxe, lembrando os tempos vellos. Arcebispo i-escolares, cregos i-estudiosos da nova Galiza. Pero eu son cabo de vós, un soldado máis, e carón voso traballarei como un mozo nos estudos galegos". Un esquema da investigación histórica e filolóxica de Galiza, a gabanza do enxebreismo na arte de Castelao, lévano a recoller as derradeiras verbas do traballo de ingreso do grande artista. "Temos de anovar o noso espírito. Tornemos o noso ollar á estrela que brilou sobre das carballeiras de Solovio e anunciou ás xentes o lugar do sarteiro de Santiago. Aquela é a estrela da nosa fé e a nai do tesouro espiritual de Galiza, da nosa cultura". O 12 de Maio, Lago González é recibido oficialmente no Paraninfo da Universidade. Ovacións escolares.

Discurso do Rector, Blanco Rivero, e de un estudante, Romero Cardeirina. Novo discurso de Lago González, exposición das relacións entre os bispos e a Universidade, evocación dos grandes mecenas, canto da misión universitaria na expansión do espírito galego. A Universidade ten de formar áxentes na coñecencia da súa Patria. "Yo aprendí a amar a Galicia cuando conocí su historia; quise profundamente, vehementemente a Galicia cuando conocí su pretérito buceando en las profundidades de su ayer, y hoy digo que debemos amar a Galicia con toda el alma, porque amando a Galicia amaremos a Dios y seremos profundamente religiosos".

O 17 de Marzal de 1925 morreu o gran galego deixando esmorecida as esperanzas que Galiza tiña postas no seu eminente arcebispo. As súas derradeiras verbas foron, según testemuña o médico de cabeceira, e publicadas por él no "Diario de Galicia":

"Hai que xuntarse pra defender a Galiza".

Eixemplo evanxélico: Lago González, bispo dende 1909, morreu probe. Eis a súa declaración testamentaria: "Declaro que non poseo dinero ninguno, si no es la escasa entidad que se halla en poder de mi mayordomo o las más escasas que se encuentren en mis muebles o en la ropa de mi uso. En cambio estoy gravado de deudas que conocen mis familiares, las cuales deseo satisfagan enajenando mis libros y ornamentos y los demás objetos de mi propiedad".

Así, na mais evanxélica probeza, morría o Arcebispo de Santiago, sin tocar cas súas mans os ricos recursos da Mitra, sin facer uso dos bens cuia administración lle fora encomendada.

Por suscripción popular, o pobo galego, mercou os 7.000 volumes da súa biblioteca, que foi depositada na Universidade de Compostela.

O Dr. Lago González non deixou escrita unha obra en consciencia da súa cultura e co seus acoios.

Os seus encargos egresíaticos pedíronllo. Foi gran xornalista na súa mocidade. En "La Integridade", de Tui, polemizou arreo contra os caciques, valéndolle a súa rebeldía o honor da cárcere (1891). N-iste tempo conquireu sonda de formidable polemista. A polémica é daquela o deporte intelectual en boga na nosa Terra. Indalecio Armesto nos cidos do krausismo, Muruáis, baixo o signo das derradeiras modas literarias francesas, e Lago González, ca súa formación humanística, co seu espírito galego e ca súa fe apostólica, forman o grupo máis destacado nas polémicas de fins do XIX.

Poeta, a galeguedade está acesa nos seus versos dende o seu primeiro poema, "Primaveira", esquivo ós 16 anos. As súas poesías foron xuntadas e publicadas en 1924 polos estudantes de Compostela. O "Elogio del Idioma Gallego" polo Academia Galega. A parte de isto, sómentes publicou cartas pastorales e sermóns. Foi un gran orador, correito, emocionado, claro. Lago, tan humilde tan pouco doado ós falagos dos ricos e dos cregos, tiña pasión de moitodunie gustaba das acramacións populares. Os seus mellores discursos foron improvisacións inmediatas a un desbordamento da simpatía fondísima que despertaba no pobo. E nas súas pastorales consta, a gabanza destes intríns de fervor.

Lástima grande que só contadísimos cregos de Galiza adprenderan a mirarse n-aquél espello de sabenza, de homilidade e de galeguedade, que foi Lago González, cuio reverso é Eijo Garay, baldeiro, finchado, farsante, feixista

Verba Maxistral

A loita pol-a Patria

"Véndenme os bois e vendenme as vacas y-hastra me venden o pote das papas".
"Véndenme a cunca a máis o cunqueiro y-hastra me venden o meu tabaqueiro".

Así escramou un vello que o peso de cen anos levaba tan afeuto como levan os carballos dos montes de Galiza unha croa de pólas na cabeza. Erguéuse ó pé da porta da súa chouza probe, e mirou cara á vila con máis pena cal se o verdugo con puñal de aceiro l'arrincara do peito as entretelas.

—Por isa costa abaixo— dixo vertendo a fio tristes bágoas— vamos levar á vila a riqueza i-o pan das nosas casas. Alá están os larpeiros que pouco a pouco todo nos aldraban; aquí están os escravos que non poden comer se non traballan.

Alá están os que venden ista terra bendita e nofa aldraxan; aquí viven os fortes que saben ir á loita pol-a Patria. Ai, fillos de Galiza!, erguédevos agora a rescatala; que non é bó galego, nin ten o corazón da nosa raza, quen a súa nai vé presa en miserabre escravitude, e cala!

MANOEL LAGO GONZALEZ.

(Publicado no xornal "La Integridade". Reproducido por "Logos", boletín católico mensual, N° 41, Maio 1934)

A Festa da Guadalupe

Como todos os anos, os rianxe- ses celebraron con un xantar a festividade da súa patrona: a venerada virxen moura, que acolla a un nenno i esgrime un cetro.

Arredor de dousecentos comensales xuntáronse o 15 do actual nun bar céntrico, adornado con faroliños e cintas de variadas coores, inxenua e graciosa lembranza das iluminacións que en tal data decorou a encantadora vila arousana.

Asistiron nutridas representación dos centros de Noya, Cuntis, Taragoña, Nogueira, a Cruña e outros que non recordamos.

A cabeceira da mesa foi ocupada polo presidente da Sociedade de Rianxo, Sr. Fungueiro, e polo Dr. Rey Baltar, na compañía das súas rsepeitivas donas.

A comida trascurreu alegremente, ameizada por gaitas e acordeóns, que tocaron aires populares galegos, coreados con entusiasmo pol-a concurrencia.

Aos postres, fixo uso da palabra o Sr. Fungueiro, que saudou aos invitados de honor e aos delegados dos aludidos centros. Dirixeu logo un afervoado recordo ao ilustre fillo de Rianxo, que nunca fallaba a este xantar, pero que oxe "atópase en París —dixo— labourando por Hespaña e por Galiza". Unha longa salva de aprausos rubricou o discurso do Sr. Fungueiro e o nome de Castelao estalou como cen foguetes no salón.

Falaron despois os representantes das entidades asistentes

para agradecer as verbas do presidente da sociedade rianxeira; e ao derradeiro, ergueuse o doutor Rey Baltar, a pedido dos concurrentes, para recordar os anos mozos na vila de Paio Gómez Charino, cuxas praias e paisaxes evocou con verbas emocionadas; pero que agora — manifestou — "están ensombrecidas polo trasno que ten ameigada a nosa Terra, que debemos de recobrar tan pronto como botemos para o inferno ao malfadado trasno". (Fortes aprausos acolleron estas vibrantes expresións).

A continuación, o Dr. Rey Baltar lembrou ao rianxés ausente a quen todos os bós galegos temos a obriga de respaldar, e particularmente os fillos de Rianxo, que oxe ostenta a representación de Galiza no goberno que preside o Dr. Giral, que é o único goberno lexítimo da Hespaña. Fixo, por último, a proposta de dirixir un cablegrama a Castelao, saudándoo na festa maor do seu pobo, e así se acordou por aclamación.

Aos poucos minutos, polos fios do cable circulaba cara á vella terra de Europa, unhas sinxelas verbas que ían a encher de ledicia un corazón afervoado

"Celebración festa Guadalupe, recordámosche agarimosamente. Rianxo, de pé, ao seu fillo predileito, dílle: ¡Adiante!"

Namorame o Feitizo do Tesouro...

ADICATORIA: Lembranza de gratitudade ao mestre que gabou con xenerosidade indulxente o meu libriño "Bebedeira", dándome azos pra percorrer os vieiros da lírica enxebre: Antón Vilar Ponte, galeguista esgrevio.

Nin crásico cipreste: xeometría circía e lanzal, do rasiñor capela, mística oxiva, ergueita centinela do vello pazo ou da espadana esguía.

Nin os chopos en verde teoría vicira da estrada a deb-car na arela de camiñar e camiñar por ela, romeiros dunha eterna romería.

Nin o eucalipto a perfumal-os ventos; nin o piñeiro a marmular conceutos; nin a esmeralda a tremar dos amieiros...

Namorame o feitizo do tesouro —fino brocado de candeas de ouro— enfeito dos petrucios castiñeiros.
F. DELGADO GURRIARAN
MEXICO, marzal 1946.

Curros Enriquez, o Poeta da Rebeldía

No 95º Aniversario do seu Nascimento

Tres astros de primeira magnitude brillan no ceo da poesía galega: Rosalía Castro, Curros Enriquez e Pondal. E a trinidad enxebre da nosa vella lírica. Son os tres poetas fundamentais da nosa terra. Os demais —non falo dos modernistas— son estrelas de máis ou menos esplendor; pero a súa obra non chegou a plasmar no corazón do povo coa forza da daqueles.

Curros Enriquez destácase, entre todos, por unha característica ben definida: o seu espírito combatiivo. Poeta ao servizo dun nobre ideal, eisalta os sentimentos de liberdade e de xustiza, bases da diñidade humana, sen a que a vida tan soa é amabel para as bestas.

*¡Ouh, Libertá sagrada,
alba de gloria pr'o oprímido mundo,
d'ós povos descada,
que escravos viven en dolor profundo!*

Non se encerra, como moitos outros, na súa torre marfileña, entoando cántigas á lúa. A súa lira, chea de unción, non repuña o contaito do mundo é vibra emociada ao unísono do real, do palpitante, do que afeita ao noso ser i eiscita as paixóns. A súa arte non é trivial, non é un fin, senón un meio. Non é o cultor da arte pol-a arte, como o que se entrega a praceres solitarios, trascendentales únecamente para él mesmo. O verdadeiro artista debe ser o macho xeneroso que fecunda as entranas propicias da femia. Debe ser o sementador que contribuis con loas e diatribas ao progreso da humanidade, aliviando as nosas dores.

A súa alma romántica e bondadosa padecese coas desgracias dos homildes, e incñado, incñados á rebelión contra dos seus opresores:

*Mozinos honrados
de sangue bravía,
si ó mal d'os petracios non fordes
librádeos d'a morte,
¡facei montería
nos lobos d'a terra, nos lobos d'os ceos!*

Como Don Quixote a súa lanza, Curros esgrime a pruma e ataca aos follóns e malandrins; trata de endereitar os entortos, e tira mandóbeles a destro e sinistro, pelexando sen fixarse no número nin no poder dos seus inimigos, que son os inimigos do home, os que o eisprotran e queren escravizalo, para dese xeito uncilo ao carro da súa vitoria.

Librepensador, ateo, anque de fondo místico, ríese de todo o diviño e arremete contra as velhas teogonías e os falsos apóstolos, que, esquencidos das doutrinas de amor e caridade do seu bó mestre, alíanse aos poderosos para axudarles a conservar os seus privilexios e soxuzgar ao povo. Vede como apostrofa, diante dunha imaxen de Iñigo de Loyola:

*Máis, ... qué fas n'ese altar roubando
(preces,
aenío d'a intolerancia soberano,
tí que tan sólo maldiciós mereces?
Tí, que trocacha a Cristo n'un tirano
d'sayos y-ós verdugos en xueces
y-en fouce a Dios d'o pensamento
(humano?)*

E referíndose ao representante de Cristo na terra:

*¡Romeiros, acudí!... Sinistro e fosco,
o incendio crece q'a razón atiza;
caí o Papado, a Fe cheir'a chamusco!
¡Acudí, pelegrinos...! Que n'a liza*

Lembrando o aniversario do nacemento deste reproducimos o inspirado e ben documentado castelán o 1º de Agosto de 1939 no xornal "Nossa lingua, traducido polo seu propio autor:

*que contr'a Libertade abriu con vosco,
a besta apocalíptica... aguniza.*

A súa voz érguese potente no meio do silencio cobarde dos que podían e debían berrar contra todas as farsas, contra todas as venalidades, contra todas as inxustizas. E aos que medrosos

gran poeta galego, rexo cantor do noso povo, artigo do Dr. Rey Baltar, que foi publicado en "Noticias Gráficas" e que agora presentamos na

por
RAMON REY BALTAR

Naceu Curros Enriquez en Celanova o 15 de setembro do ano 1851. Cursosou a carreira de di-



aconsellan enmudecer diante da reación triunfante, enróstralles:

*¡Calar!... ¡Que non se escoite
o patuxar das vítimas
n'o mar d'inzofre e sangue
d'a escravitá caídas!*

*¡Crebar as tiras ádinte
d'a libertá qu'espira
baix'a gadoupa férrea
d'o dogma que asesina!...*

*¡Non-a crebés, poetas!
Templaina en ódeo, en ira,
hastra que d'ela sayan
as explosiós d'as minas.*

*Gustoso esnaquizará
e resinado a miña
si n'eso d'o meu povo
a sorte consistira:
mais, mentras orfo e triste,
os meus consolos pida,
crebala... ¡n'a túa testa,
tan sólo, tiranía!*

Estas variles estrofas, escritas fai máis de cincuenta anos, teñen, desgraciadamente, unha actualidade notoria. ¡Quén lle diría a Curros que, despois de trascendido máis de meio século, os seus versos serían lembrados para vergonza dos nosos tempos! Porque estonces, naquela época, a pesares de todas as restriccións, aínda había liberdade na nosa patria como en todo o mundo civilizado; pero oxe, ¿quén ousa suscribir algo semellante en moitas nacións que alardeian de gloriosos pasados e xactanse de marcar novos rumbos? O pelotón de fusilamento ou a machada do verdugo sería o premio que recibira o poeta.

reito en San Iago de Compostela, onde compuxo a súa primeira poesía, tíduada "Cántiga", que escribiu ao marxen dun dos seus libros de estudo. Coa música de Alonso Delgado, fíxose popularísima en toda a rexión.

Terminada a carreira trasladouse a Madrid, ingresando na redacción de "El Imparcial", na que encargouse da crónica da guerra carlista.

Colaborou tamén na "Ilustración Republicana Federal", "El Combate", "Madrid Literario", "El Porvenir" e, por último, en "El País".

A pesares das súas ideas avanzadas, por compracer á súa familia, que lle escribía á corte reprochándolle o seu esquecemento de Galiza, compuxo a máis famosa poesía "A virxe d'o Cristal", basada nunha antiga lenda da comarca do seu nacemento, que foi premiada coa frol natural nun concurso celebrado en Ourense o ano 1877. Nese mesmo certamen outuveron premio outras célebres poesías súas, "O gueiteiro" e "Unha boda en Elnibó".

Ocupou logo un posto na administración de Facenda da súa provincia. Foi entón cando publicou o seu primeiro libro de poesías galegas, "Aires d'a miña terra", que causou enorme revól e cuia edición agotouse en quince días. Este feito extraordinario debeuse, principalmente, a que algunhas das poesías contidas no libro mereceron os

honosres das iras eclesiásticas.

Aos poucos días de publicada a obra de Curros en Ourense, a fines de xunio de 1880, o bispo da diócesis eispidiu un edicto condenándoa "por conter proposicións heréticas, blasfemas escandalosas e algunhas que merecen outra censura".

En virtude do oficio do gobernador da provincia, D. Víctor Nóvoa Limeses, o xugado de primeira instancia da capital instruiu sumario contra o inspirado autor de "Aires d'a miña terra", por supoñer que nas poesías "A Igrexa fría", "Mirand'o chan" e "Pelegrinos a Roma", "escarnecíanse os dogmas e cereмоñas do culto católico". (¡A inquisición! "Con la Iglesia hemos topado, amigo Sancho").

O xués D. Manoel Mella Montenegro, un xesuíta laico, condenou a Curros a purgar o seu delito, o seu enorme delito, coa pena de "dous anos, catro meses e un día de prisión correccional, multa de 250 pesetas, acesorias e costas".

¡Parece mentira que tales feitos ocurran nun país cuia constitución reconecía a liberdade de conciencia!

Pero, afortunadamente, os maxistrados da Audiencia Territorial da Cruña, por unanimidade ausolveron ao acusado, que foi brillantemente defendido polo notabel abogado cruñés —¡i era conservador!—, D. Manoel Puga e Blanco.

Volveu a Madrid para continuar os seus traballos na prensa diaria, publicando, ademais, "Collar de perlas", novela; "Paniagua y compañía"; "El Padre Feijóo", drama, e "O divino saínete" (Coruña, 1880), cuto asun-

to alude á eiscursión dos católicos a Roma, con motivo das festas do xubileo do Papa León XIII. En 1893, o Centro Galego de Madrid ousequiou ao ilustre poeta cunha coroa, entregándolla nunha solene velada.

Non custante os agasallos dos seus conterráns, a atmósfera reaccionaria de Hespaña non se aviña co espírito liberal de Curros, e decidiu ausentarse da súa patria, trasladándose a Cuba no ano 1894.

Na Habana sigueu adicado ao periodismo, chegando a ser director da publicación máis importante da capital, "El Diario de la Marina", a cuio fronte sorprendeu a morte o 7 de Marzo de 1908.

Denantes, en 1904, a republicana Cruña, habíao desagradado cun grandioso homaxe no que foi coroado públicamente.

Vigo, en 1911, erixiulle un monumento, e pouco despois, na Cruña, inaugurouse un magnífico grupo escolar que leva o seu nome. (¡Levará aínda?)

Curros Enriquez é a figura máis representativa do anticlericalismo galego, e si oxe vivira, ocuparía sen dúbida algunha, un posto de vangarda na loita contra a barbarie que sufrimos.

Os bós galegos endexamáis esqueceremos a súa memoria; e si os nosos ánemos fraquearan, recobraríamos as forzas ao lembrarnos da corda muda, que tiña a súa lira to'va, para facela vibrar cos variles aceños das derradeiras estrofas do seu hino inmortal:

*"Si pr'a tocar cal quero
a ter non chego forzas;
si cand'a loita vaya,
tropezo n'unha foza,
os que, cal eu, subides
a traballosa costa
cando chegués á cima
sagrada e vitoriosa,
jarpas que saúdades
d'a nosa patria a aurora,
d'a y-arpa acordai vos que fúnebra
(queda
n'a noite d'olvido xeminado sin gloria!"*

DE CURROS ENRIQUEZ

Pelegrinos a Roma

A ira de Dios, en labarada ardente,
cinguiu d'o Vaticano a cima escura,
y endómata, estralante, xorda, dura,
prendeu d'o falso Cristo n'a aspra frente.

Queimad'o altar, sin sólio en que s'asente,
rodou por terra o ídolo d'altura,
y-a boca abrindo, desdentada e impura,
"¡Valéime aquí", berróull'á turba crénte.

¡Romeiros, acudí!... Sinistro e fosco,
o incendio crece q'a razón atiza;
caí o Papado, ¡a Fe cheir'a chamusco!

¡Acudí, pelegrinos!... Que n'a liza
que contr'a Libertade abriu con vosco
a besta apocalíptica... aguniza.

A Verdade Sobre o Feixismo em Portugal

O informe que vai deseguida, e que pon ao descuberto a verdadeira situación de Portugal baixo o feixismo oscurantista de Oliveira Salazar, foi recollido de "Correio da Manhã", do Río de Xaneiro, correspondente ao 3 de agosto de este ano.

Perteñece iste documento a Sociedade Brasileira dos Amigos da Democracia Portuguesa, e firmano: Hermes Lima, Xilberto Freire, Xosé Lins do Rego, Manoel Bandeira, Soares Filho e Moacyr Wemeck de Castro.

Os lectores de A NOSA TERRA terán de atopar nista eispocisión ouxetiva e documentada unha mostra máis do desorde do sufrimento e do atraso que o feixismo trouxo ao mundo; e verán, con dor, como os nosos irmáns portugueses, unidos aos gallegos pol-a raza e pol-a cultura, tamén o están pol-a comunidade nos sufrimentos e nas arelas de liberdade, que algún día temos de conquistar para felicidade, mutuo entendimento i-estreita colaboración de ambos povos, fitando moi trascendentaes deseños.

AS CONDICIONS POLITICAS

I - Supresión das liberdades e garantías individuais.

Hai 20 anos que Portugal vive en ditadura, instaurada por un golpe militar. Durante todo este tempo soio houbo eleccións simuladas, sin liberdade de presentación de candidatos, de propaganda, de fiscalización. A "Constitución" de 1933, elaborada sin participación da opinión, foi "votada", sin poder ser criticada, en "plebiscito" único na historia, que contou a favor... os abstencionistas. Hai duas décadas Portugal está suxeito a rigorosa censura de toda a eispresión do pensamento; censura previa a imprenta, libro, radio, teatro e cinema. Os partidos políticos foron suprimidos, soio hai partido gubernamental, "Unión Nacional", creada por decreto e con dirixentes nomeados polo goberno.

Non hai liberdade de asociación nin de reunión. A vida de todas as asociacións, menos as recreativas i-as deportivas, depende estreitamente da fiscalización gubernamental. As de estudantes non teñen dereito de eleixir os seus representantes, os que son impostos polo Estado.

Todallas manifestacions colectivas que non sexan as de apoio ao goberno, son violentamente reprimidas.

A folga é considerada crime. Nas folgas de Maio de 1944, os obreiros foron presos en masa, golpeados e torturados, algunhas veces até a morte. O goberno movilizou fábricas, executou represalias sobre industrias e directores técnicos sospeitos de indulxencia; prohibiu a readmisión de folguistas, condenados así coas suas familias a miseria.

II - Organización corporativa

Segun a Constitución, Portugal é República Corporativa. Esta organización, en grande parte copiada do fascismo, é a reximentación forzosa dos traballadores de todas as forzas econó-

micas. A súa burocracia entraba toda a vida económica do país, provocando vivo descontento. De feito está nas mans dunha plutocracia que a usa para enriquecerse empregando as masas traballadoras.

A cada profesión soio é permitido un sindicato, oficial. Todos os profesionales teñen de pagar para ele, sexan ou non seus membros, e as decisións non fan parte dele. Ademais os asonon fan parte del. Ademais os asociados non poden atuar en defensa dos seus intereses; as dereitas sindicais son substituídas por "Comisións Administrativas" nomeadas polo goberno, sempre que non son incondicionales no acordo con él, Salazar, en fronte da crecente oposición, receou ter de substituír en masa as novas dereitas de sindicatos e gremios, a eleixir iste ano; e decretou, tendo decote as eleccións a prorrogação do mandato dos organismos en exercicio.

A "Asamblea Nacional" ten apenas representantes do partido oficial, escollidos polo goberno; para maior seguranza cuase non ten facultades legislativas, rón veto sobre leis do Executivo, que se limita a aprobar. Impera o réxime permanente de decretos-leis, independentes da Asamblea. Ningunha votación dista derruba o goberno. Os ministros non están obrigados a ir a Asamblea para responder dos seus atos. Tal réxime é puramente feixista.

Unha centralización absoluta domina na administración pública, na vida política e na económica. Na Metrópoli e nas colonias todo depende do poder central.

III - Selección feixista de funcionalismo.

A selección do funcionalismo é estreitamente feixista. Moitos funcionarios civís e militares foron afastados, soio por teren ideas contrarias ao réxime. Entre eles hai algúns dos melleiros científicos portugueses, e homes que prestaron a patria relevantes servicios. Varios decretos dende 1931, autorizan aos ministros a destituir funcionarios que "amostren espírito de oposición a "política nacional" do goberno". Todos os responsables, en servicios oficiais i-empresas privadas, son obrigados a denunciar aos subalternos sospeitosos de "ideas subversivas". Da Policía Política depende discrecionalmente, o nomeamento de todos os funcionarios do Estado, Administracións Municipales, Organismos Corporativos, até Empresas privadas. Ninguen pode sere nomeado, promovido ou admitido a concurso sin previo consentimento desa policía, e sin asinar xramento de fidelidade ao réxime. Así foron atrofiados, ou impe-

didados de revesarse, moitos valores novos.

IV - Xustiza dividida e inxusticia fiscal.

Os atentados a autonomía do poder xudicial non son raros. Chégase ao punto de anular decisións dos tribunales e facelas depender da aprobación gubernativa. O goberno, con frecuencia, non-s executa. A impunidade dos axentes ditatoriales ten a "Garantía Administrativa", que preserva as autoridades de seren demandadas criminalmente sin consentimento do goberno.

O xuzgamento dos "crimes políticos" estivo até agora a cargo dun tribunal de eisección, "Tribunal Militar Especial". Orgaizaba os procesos a Policía Política; o acusado non tiña garantías de defensa. A simple da imprensa clandestina acarre-xaba anos de cadea.

A política fiscal é nidamente inxusta. Os ingresos das clases probes e medias son gravados con impostos insoportables, que todos os días se agravan; mais fican practicamente inmunes as grandes fortunas, debido as modificacións que o ditador introducen no importe progresivo establecido pola República.

TERROR E PROPANGANDA

I - Policía política.

Un dos principais apoios do réxime é a Policía Política. — P. V. D. E. — un Estado dentro do Estado. Os seus poderes teñen sido discrecionales. Perante vinte anos de ditadura, a liberdade, os bens, a vida dos cidadans teñen estado a súa mercede. O terror é o seu método predileito. Milleiros de persoas cuxo único crime era unha opinión contraria ao goberno, sufriron rexisto domiciliari; prisión sin formación de causa, e a calquera hora do día ou da noite; incomunicación perante meses e até anos; tormentos.

O que custa a vida en España

Sin comentarios, reproducimos do xornal "La Prensa" desta capital, o seguinte telegrama:

MADRID, septiembre 20 (Reuter) — El general Franco ha asumido personalmente la dirección de la batalla contra la carestía de la vida.

Las escalas de precios muestran que el costo de la vida era en enero de este año un 360 por ciento más elevado que en 1936; a fines de mayo llegaba ya a un 400 por ciento. Como el 99 por ciento de los gobernantes europeos, Franco ha tratado de disminuir los precios de los artículos sin tocar los salarios. Es que Franco no puede, sin grave peligro para su régimen, disminuir en nada los 7.500 millones de pesetas, exactamente la mitad del presupuesto total de España, que se gastan anualmente en el ejército, la marina, la aviación y la policía.

El principal objetivo de la campaña emprendida es tratar de reducir las actividades del "mercado negro". Los miembros del ejército, de la policía y los empleados del gobierno, así como obreros de varias fábricas obtienen raciones extra de aceite de oliva a 5.20 pesetas el litro. Luego las revenden a 60 pesetas el litro, a grante menos afortunada.

Por otra parte, los fabricantes, que necesitan carbón para sus establecimientos, muchas veces con urgencia, deben recurrir a los dueños de las fábricas que tienen contratos del gobierno. Allí pueden obtener el carbón que necesitan, pagándolo tres y cuatro veces más caro que el precio que se fijó al entregarse carbón al fabricante revendedor.

por veces mortaes, torturas semellantes as das policías italiana e alemán; deportacións a terras de lonxe e insans, en Timor, Guinea ou Cabo Verde (eiquí foi instalado o Campo de Concentración do Tarrafal). Nas prisións está restablecido o réxime celular de isolamento e silencio, que a República tiña abolido por inhumán e contraproducente.

Hai antifeixistas deportados, sin seuen xuzgados nin procesados, dende fai 14 anos. Moitos, cumpridas as penas, seguiron presos por períodos que chegaron a ultrapasar 10 anos. Moitos morreron nas prisións, na deportación, no exilio. No estranxeiro están aínda homes dos máis ilustres de Portugal, que, fideles as súas conviccións políticas, vense alonxados pol-a intolerancia i-a persecución.

Alguns, anistiados, ao regresaren a patria foron presos i-cisilados do novo. Non embargantes o ditador declaraba fai pouco: "Non temos deportados políticos nin cisilados forzosos da Patria".

Ensino oficial e particular

Está suxeito as mesmas diretrizes antidemocráticas. En Historia, Moral i-Educación Cívica rixe o "libro único", veulo da doutrina gubernamental. Os libros de Historia atacan a democracia e o liberalismo; soio recentemente escomezaron a eispurgados da propaganda mais ostensiva do feixismo e seus persoeiros, mais por todas as formas procurárase espertar na xuventude a desviación encol do ditador nacional. A neutralidade relixiosa do Estado cedeu lugar a un clericalismo que se manifesta en todo coma guía do goberno.

Comparando os gastos ministerios denfúncianse as preocupacions dominantes: exército, policía, propaganda. O presupuesto do Ministerio da Educación, denantes da guerra, era moito menos da metade de o da Guerra. A nación non participou do conflito, ten colosal porcentaxe de analfabetos (60 olo según as estadísticas mais optimistas), non embargantes, perante a conflagración, os gastos do Ministerio da Guerra eran máis de 6 veces superiores aos do Ministerio da Educación. A policía foi aumentada fai pouco con unha división.

Varias escolas superiores foron suprimidas, outras pechadas perante anos; os profesores non chegan siquera para as escolas primarias existentes, a pesares de seren poucas. No ritmo actual do decrecemento do analfabetismo, éste tardaría 70 anos en eisinguirse. As policías i-a Guardia Republicana gastan mais diñeiro que as escolas de primeiras letras. Todo o ensino liceal (secundario), maisemente a cárrago do Estado, costa apenas o dobre do que costa a Policía Política, o "Instituto para a Alta Cultura" (o máis outo organismo de auxilio a investigación científica e desenvolvemento das grandes capacidades) ten metade do que consume,

soio na seición segreda, a Propaganda política. O ensino medio e superior son moi costosos; a selección faise practicamente polo diñeiro. O ditador eispuxo iste programa: "Ler, escribir e contar, bastan para a maioría dos portugueses".

Nivel de vida e saúde pública

I - Nivel de vida.

Era xa moi baixo para o traballador i-a clase media. Mais desceu moitísimo por falla de reaxuste dos salarios. O coste da vida, pousando coma base os precios oficiais i-os índices do Banco de Portugal, subeu 210 olo de 1939 a Decembro de 1944; na realidade subeu moito máis, e, en 1945 agravouse tremenlamente. O nivel de aumentos aos funcionarios non ultrapasa do 35 olo.

A maior parte da poboación non gana para comer o indispensable. Para comprender a gravidade da situación abonda confrontar as cifras do consumo medio por habitante e por ano, (tendo en conta que Inglaterra importa todo e sofreu unha guerra implacable, que Suiza foi neutral mais envolvida pola guerra, e que Portugal ten condicións agrícolas incomparablemente superiores, poseindo o 3º imperio do mundo):

Xeneros	Port.	Inglaterra	Suiza
Carne	9 kgs.	333. —	380. —
Leite	11 ls.	63.7	47.3
Queixo	0.186 kgs.	4. —	8.7
Manteiga	0.485 kgs.	10. —	17. —
Ovos	40	186. —	171. —

No Porto, segunda cidade do país, un tercio da poboación ocupa habitacións recoñecidamente improprias para vivenda humán.

II - Estado Sanitario.

En Portugal, que ten cuase 8 millóns de habitantes, morre un tuberculoso en cada cuarto de hora. Da 5.800 loucos, no norte do país, soio é posible internar 1.120. Son calculados en máis de 3.000 os leprosos que andan mesturados coa poboación. A asistencia hospitalar é cada vez máis insuficiente.

A mortandade infantil é a máis outa de Europa.

Alguns distes feitos foron reveados no propia "Camara" corporativa.

(Continuará)

Casa OTERO
Placas Radiográficas
Artículos de Calidad ELIOT
Para Farmacias y Hospitales
Agujas y Jeringas Hipodérmicas
Catgut, Guantes, etc Perfumería
GENERAL URQUIZA 624
U. T. 45, Loria 8273.

NARCISO VIDAL (h)
AGENTE OFICIAL KODAK
● Películas
● Radiográficas
● Accesorios
● Rayos X
PASTEUR 768 Bs. AIRES
U. T. 47 - 4718

Fernández y Hno.
Sastrería para Damas y Caballeros
CONFECCIONES — CAMISERIA FINA
Maipú 1064 Telef. 4896 Rosario

O seu TRAXE
O seu SOMBREIRO
A sua CAMISA
A sua ROUPA INTERIOR
MERQUEOS EN:
CELTA FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

Galeuzca a Francia

Con este título, a prestixiosa revista que se publicaba nesta capital baixo os auspicios de galegos, vascos e cataláns, despídese dos seus lectores no editorial que aparece no seu derradeiro número en Bós Aires coa data de xullo pasado.

Por consideralo diño de ser coñecido íntegramente, reproducímo-lo tal e como saen a lus.

Dí así:

“Los hombres que orientaban la revista, los que con sus juicios nos guiaban en el trabajo, unos han salido ya para Francia, y otros están a punto de marchar. Con ellos se va ‘Galeuzca’, y allí, en la noble, culta y acogedora nación francesa volverá a aparecer, para luego, cuando la libertad sea devuelta a los pueblos ibéricos, salir en Barcelona, en Bilbao, en Santiago, donde más convenga a los intereses de los tres pueblos que quiere servir.

Creemos que en los doce números que han aparecido en la capital argentina — hoy una de las ciudades del mundo donde mayor culto se rinde a la propaganda de las ideas, con una brillante y abundantisima edición de libros, revistas y diarios de gran jerarquía intelectual —, hemos prestado algún servicio a la causa que nos movió a lanzarnos a editar ‘Galeuzca’. Hemos publicado trabajos de catalanes, galegos, vascos y portugueses, que si unas veces son lecciones de historia, que siempre conviene aprender, otras son normas, pensamientos, juicios, estudios, que cumplen su papel de guiones para todos los que aman la libertad de los pueblos, y particularmente, para quienes creemos que la solución política de la Península Ibérica está en una federación de pueblos libres, que pueden vivir autónomos dentro de una organización superior que comprenda a todas las naciones peninsulares, y que no quieren estar sujetos a un poder centralizado que desconociendo la esencia peculiar de cada uno de ellos, legisla indiscriminadamente para todos.

Los movimientos nacionales de Cataluña, Euzkadi y Galicia, que se iniciaron hace mucho tiempo, y que han vivido épocas difíciles, son hoy tan fuertes, tienen raíces tan profundas en los tres pueblos, han ganado de tal suerte las mentes y los corazones de galegos, vascos y catalanes, que desconocerlos sería una ofuscación, y querer ir contra ellos, un empeño inútil. No lo decimos por querer robustecer una fe con afirmaciones gratuitas, sino porque creemos, porque estamos seguros de que esa es la realidad de las cosas. Adquirida de nuevo por los tres pueblos la conciencia de la nacionalidad, que pudo estar dormida o extrañada por culpas que no queremos concretar aquí, pero que no siempre han sido foráneas, ya no han de perderla, porque han aprendido que muchas de sus desgracias no han tenido otro origen que aquel olvido. La última guerra civil, desencadenada en España por las fuerzas militares del Estado, en las cuales ha vivido siempre la mayor inquina a todo particularismo, ha

sido para los pueblos ibéricos el último y más severo atropello, que no queremos volver a repetir. Los mismos rebeldes anunciaron, al sublevarse, que una de las causas que más les empujaron a ello, fué este deseo de ser libres, manifestado por Cataluña, Euzkadi y Galicia, que comenzó a encontrar su cauce en la legislación republicana.

No sabemos cómo van a ser, en este orden de cosas, los días que han de venir; pero sabemos que ya no cederemos jamás en nuestra demanda. Ha corrido mucha sangre para que nadie tenga derecho a pedirnos a estas alturas, una renunciación. No renunciaremos nunca a nuestro derecho.

Una de nuestras mayores y más cordiales preocupaciones es y será la de ganar a Portugal para la federación de pueblos ibéricos. Sin la nación portuguesa, la solución no sería completa. La geografía, la economía, la historia, la cultura, recomiendan que Portugal entre también en la unión política de las naciones peninsulares.

Pero, a diferencia de los demás pueblos ibéricos, Portugal es un Estado independiente, y no ha de querer, y con sobrada razón, ceder ni la menor parcela de su actual soberanía, si no se le dan todas las garantías de que al hacer esa necesaria cesión para formar el nuevo Estado, ha de quedar asegurada su libertad.

Nuestros amigos, los políticos portugueses con quienes estamos en relación aquí y en Europa, han tenido siempre un gran interés en lanzar por delante esa condición sin la cual toda unión se hace imposible. Por nuestra parte no vemos la menor dificultad en cumplirla plenamente, sin la menor reserva mental siquiera, con toda la decisión que se deduce del convencimiento de que su postura es la más patriótica y la más razonable.

Aunque no están en el mismo caso, por no gozar de independencia política, esa es también la actitud de Euzkadi, Galicia y Cataluña: llegar a una inteligencia con Castilla para constituir un Estado federal que comprenda a todos los pueblos ibéricos, pero reservando a cada uno toda la libertad, toda la autonomía que no se oponga a los fines de aquella entidad superior.

Este es el fin para cuyo cumplimiento se constituyó Galeuzca, y para servirlo nació nuestra revista. Confiamos en que, una vez derrocado el régimen dictatorial que hoy padecen los pueblos del Estado español, los demócratas castellanos habrán de poner su mejor voluntad para, de común acuerdo, alcanzar ese estadio político, en el cual podemos vivir todos, con las ventajas de la unión y sin el menor daño para la libertad de cada uno.

Solidaridade Galeguista e Republican da Casa de Galicia de Nova York

A máis importante entidade dos galegos de Nova York, —Casa de Galicia—, remitiu a París, o ministro galego señor Castelao, o afervoadado cablegrama seguinte:

“New York, 13-IX-46. — Reunidos Junta General miembros Casa de Galicia salúdanle cordialmente haciendo votos por éxito gestiones y pronto triunfo República Española y Galicia ceibe stop Mesmo tiempo rogámosle presente nombre Casa Galicia Gobierno Republicano Giral nu stra firme adhesión pro Republica. Saludos. ¡Terra a Nosa! — Emilio Flores, presidente”

Banquete a Rodolfo Prada

Orgaizado por un grupo de socios da Irmandade Galega e outro do Centro Ourensán, presididos por D. Claudio Fernández, con Abrai de segredario, celebrábase un banquete en honra do irmán Prada o día 27 de Outubro próximo.

Este agasallo ten por ouxeto testimoñar ao presidente da Irmandade o apreco que se lle ten pola súa situación, tan outa, xenerosa e cordial no seo da nosa colectividade, non somentes no que ás cousas deiquí se refire, senon, e principalmente, ao que atinxe á nosa Terra.

Non duvidamos que tan merecido homaxe constituirá todo un éisito para o amigo Prada.

XIRAL PROTESTA VARILMENTE “DIANTE DA CONCENCIA MUNDIAL” POL-OS ATROPELLOS EN HESPAÑA

Noticias recibidas de París, comunican que o xefe do goberno republicán no exilio, doctor Xosé Xiral, enviou unha nota ao Ministerio de Relacións Exteriores, dirixida aos cancilleres dos “catro grandes” e máis á organización das Nacións Unidas, na que protesta “diante da concencia mundial” pola persecución de que son ouxeto na Hespaña de Franco, os liberaes, republicáns e demócratas hespañoes.

Dí que Franco, no discurso que pronunciou o 6 de setembro de 1941, eloxiou os réximes nazi e feixista e decrarou: “Queremos compartir con eses dous povos a gloria do triunfo”. Y engade: “A pesares de haberen sido derrotados os nazis e os feixistas, Franco non comparte as responsabilidades da derrota. O non haber aplicado a Franco verdadeiras sancións despois da condenación ‘moral’ da que foi ouxeto por parte dos ‘catro grandes’, soio trouxo por resultado que a persecución dos cidadáns hespañoes sexa máis

Eispresios da Xuventude Galeguista

Anacos d-un discurso de Rodolfo Rodríguez de Bretaña, afervoadado patriota das Mocidades Galeguista d'Ourense, hoxe exilado en México.

“Xa era tempo de que isto ocurriese. Xa era tempo de que Galiza como tal tivese unha representación no Goberno Republicán; de que tivera un Ministro que poida erguer a súa voz pra defender os nosos dereitos no seo do Consello de Ministros da Hespaña, coma o faía raxa e brillantemente o noso benquerido e esgrevio irmán Castelao”.

Xa era tempo dixer, por que pra chegar a iste reconecimento, houbermos de pasar polo crisol cheio de door da nosa crudel guerra, e pola non menos doorosa e non menor traxedia do desterro”.

“Ja era tempo de que isto fora unha verdadeira realidade... Xa era tempo de que os fins pimeiramente perseguidos polo Partido Galeguista, e mais tarde apoiados polo resto dos partidos políticos da Galiza, fora unha realidade, que puxera a Galiza no verdadeiro camiño, no camiño das suas aspiracións autonómicas, no cal podemos levar a cabo a laboura froitosa e cheia de outas ilusións, que bule nos peitos dos bons galegos e pimeiramente de aqueles que manteñen seu espírito de independencia política para ben da nosa terra ao non estar atados polo estómago”.

“Ah... pro nos, os galegos, non temos ren que agradecerlle a ningún, coma moitos coidan, polo reconecimento de ista persoalidade. E non temos ren que agradecerlle a ningún, porque, non se fixo máis que unha obra de xustiza, i-enderreitar un entorzo da Hestoria Hespañola feita de nova conta, pras comenencias de dominación dos Borbons, e d-aqueles que sen ser Borbons e dentro das ideas republicanas, souperon assimilar, a millor non poder, as ideas importadas pola dinastía extranxeira, allea completamente as realidades hestóricas dos povos hespañoes”.

“Lembraí irmans...! lembraí séculos e séculos... dende Pardo de Cela, pasando polos mártires de Carral e Antolín Faraldo; precisamente n-iste ano se cumpre o pimeiro centenario daquel movemento barudo, e chegando aos noso días en que Alexandre Bóveda a mais grande figura dos tempos atuais da Galiza, encabeza o martiroloxo, da masacre do feixismo hespañol no século XX”.

“Irmans... o Partido Galeguista está en pé e sobor da mesma roita que se trazara, cando a súa constitución coma tal Partido. Decía que nos non tiñamos coma galegos que estarlle agradecidos a ningún e predicámolo moi outo. Non temos ren que agradecerlle a ningún por que pra el, nos asistía unha razón de forza... E veu ise reconecimento, porque as circunstancias polas que atualmente atravesamos a política hespañola, non aturaban ningunha solución, sen a representación de un pobo que coma o noso, conta no seu haber coa lista mais longa, de mártires, que calqueira dos pobos que forman Iberia”.

“O Partido Galeguista está en pé, e sobor da mesma roita que se trazara cando a súa entrada nas contendas políticas da nosa Terra, A... pro o Partido Galeguista, non está coma anton soio na loita. De elo e proba o feito de que agrilloados polo sofrimento do desterro e por un afán renovador, estamos aquí coam un soio home, xntes que respondendo a distintas disciplinas políticas, levan no curazón a mira común da autodeterminación do noso pobo”.

“Descontra o Partido Galeguista e dos seus homes, quíxose tratar de botar unha campaña de desprestixio, que no seu fondo levaba as mais ruins intencións. Máis o que non sabían os nosos denostadores era que nos somos coma o piñeiro, que o trebón trata de derrubar n-unha noite do Nadal e domease e domease, deica que pasa a tronada, pra a mañán seguinte, cando luza o sol, presentarse lanza e barudo agarrándose a terra, facendo mostra do seu valimento. Os que intentaron denostar ao Partido Galeguista son os bois da política hespañola que acostumbrados a rrar na Castela desértica, non se deron conta que os cornos na nosa terra se lle enganchan nos paus das nosas carballeiras. Tamén o Partido Galeguista se agarrou a Terra facendo mostra do seu garino a ela, i-este sentimento foi máis forte que calqueira miseria, que poidera presentárselle no seu camiño”.

Tamén aquí no desterro, voces que clamaban ao deserto, e servindo intrases alleos ao sentimento da nosa Terra, ergueron sua voz poñendo seu berro no ceo, porque a Galiza se lle reconecía unha personalidade. Ihes galegos, que moi pouco teñen de tales, semellaban ises rapaces da nosa terra... e de outas, que choran cando a nai trata de lavarles a cara. Faláron e no seu falar deixaban traslucir que no fondo levaban sentimento e i-alma de can de ventríloco, remediando aquela marca de discos que había na Hespaña “A Voz do seu Amo”.

“Nós non queremos amos da casta dos que detentaban o Ministerio de Obras Públicas, e que eran o maior ostáculo, pra unha das máis anxeiadas milloras pro país galego: o ferrocarril Zamora-Ourense-Coruña. Non... ises amos, son pra os atados polo estómago; nós non temos máis compromisos, que o pobo galego e sua liberdade”.

Bar
“QUITA PENAS”
— de —
VAZQUEZ y VAZQUEZ
Reservado para familias
Servicio esmerado y
económico
Gra. URQUIZA 602
Frente al Hosp. Ramos Mejía

Cam' sería le
mesura fina
PREZOS BÓS
BRIGO
Sáenz Peña 14 - Bós Aires

Sociedad Cafés
“LA VIRGINIA”
Vélez Sársfield, 1151
Rosario

LEA E DIFUNDA
A NOSA TERRA
PERIODICO AUTENTICO
GALEGO. QUE DEFENDE
A AUTONOMIA DE GALIZIA

Francisco Blanco
★
CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR
★
Av. SANTA FE 1100 U. T. 41, Plaza 0278

Déspotas insensatos,
Forzá, forzáo grillos;
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfragado;
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extinguíros!
Eduardo FUNDAL

A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO
Central B
FRANQUEO PAGADO
Concesión No. 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión No. 2727

Año XXX ★ BÓS AIRES, SETEMRO 1946

★ Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

★ Núm. 451

PROBLEMAS DO AGRO GALEGO

A Terra Pra o Traballo

Na Declaración de Principios do Partido Galeguista figura o postulado que serve de título a esta lería de xornal, é dicir, feita de paso, ó correr.

O problema da terra, da propiedade do instrumento de traballo do labrego, está pranteado craramente, dempois de ser ampliamente discutido en asambleas, polo Partido Galeguista, recollido en documentos oficiais do mesmo, exposto polos deputados galeguistas nas Cortes da República, tratado en traballos por algúns estudosos dos problemas galegos.

En múltiples razóns de orde político-social afínase o principio de que a terra galega ten de ser un instrumento de traballo, non un ben de renda: o carácter intensivo da nosa agricultura, a densidade da poboación, a tradición laboral, a psicoloxía das nosas xentes, a opinión colectiva, etc.

O postulado "a terra pra quen a traballa", que fai anos podía parecer "avanzado", demagógico, ata subersivo, convértese xa nun artigo programático de calquera partido político de aspiracións sociais limitadas. Só os auténticamente renexionarios, aínda enganados no vello carromato de "laissez faire, laissez passer" dos primeiros economistas alporizarse diante de tal aspiración, que vai deixando do selo pra se trocar en realidade xurídica polo mundo adiante.

Arturo Young, agrónomo inglés do século XVIII, que non era certamente un demagogo, razonou o anexo, sintetizado no postulado que comentamos con verbas que merecen seren reproducidas: "si se entrega a un home a posesión asegurada de un penedo

NO BÓ CAMIÑO

A Alianza Democrática Hespánica apoia ao goberno de Xiral

Noticias recibidas de París, comunican os que o Dr. Xiral recibiu das forzas democráticas que aíntan dentro da Hespaña unha nota que di desta maneira: "Alianza Nacional de Fuerzas democráticas, como representante de las fuerzas republicanas del interior, ofrece al gobierno republicano en el exilio la plena seguridad de que puede sentirse respaldado por todas las organizaciones republicanas españolas en estos momentos en que, ante el Pleno de las Naciones Unidas, se propone defender la causa de la liberación del pueblo español, y expresa sus deseos de que la justicia de la causa que defiende sea comprendida y aplicada por la suprema organización democrática internacional".

Esta nota, datada en Madrid o 5 do actual e firmada polo presidente e segredario da Alianza, ven a destruír os rumores que circulaban respecto á posición contraria da dita entidade ao goberno republicán no exilio.

Moito celebramos de que todos se vaian dando conta de que o único xeito de reconquistar a República, é de traballar xunguidos ao redor do goberno que representa oxe a todos os republicanos.

combatido pol-os ventos, transformarao n-un xardín. pro si se lle entrega un xardín en arrendamento, transformarao n-un ermo".

Investigacións de distinta índole e tendencia trataron de atopar un fundamento filosófico á institución do dereito de propiedade da terra. Máis, sobre de espleitar o punto vulnerabel ou os asideiros das teorías de Bastiat ou Ricardo, Marx ou Henri George, un sentimento sinxelmente humano, sen lixamentos librescos, condúcenos a considerar como fundamento de ise dereito, o traballo, alfa de todo valor económico, porque a terra non só é instrumento de traballo, é, á ves, produto do traballo de quen a ara. Que non se fecundiza o sulo polo simple enterro da semente, senón, tamén, co suor do corpo e da alma do labrego.

Foi ise sentimento de craro humanitarismo o que dictou as verbas, sen comas, do Pontífice León XIII na encíclica "De contetione opificum": "O dereito de propiedade é o que ten o home ó produto total de seu traballo". E a terra, sen o cotián traballo do agricultor, só eria saramagos. Produto de ise traballo son o loiro oleaxe do trigo nos eidos i-a morena benzón do pan sóber da mesa. Por iso a terra debe de ser pra o traballo; preña e libre posesión de quen a cultiva.

En Galiza gran parte de terra de labrantío está en mans dos que a traballan. Apenas se hai quen arrende terras, pro oponse ó principio político-social que defendemos — "a terra pra o traballo" — o censo enfiténico denominado "foro", institución de dereito civil que o Estado non soupo resolver e que a Galiza autónoma terá que encerrar, como terá que encerrar os outros aspectos de complexo e vital problema agrario, problema múltiple: xurídico, económico, técnico, sanitario, pedagógico, en suma, problema político, do que pouco a pouco tencionamos ir falando en A NOSA TERRA.

J. NUÑEZ BUA

Um discurso do irmán Prada

Editado en México polo Consello Nacional de Cataluña, chegounos un folleto contendo o discurso que o irmán galeguista Rodolfo Prada pronunciou nun homaxe feito polos cataláns esilados en México ao mártir presidente Lluís Companys.

O aito, que acadou outa categoría e resoancia, fíxose no anfiteatro "Bolívar" da Universidade de México. N-íl faláron a nome dos vascos, o deputado Xulio Jauregui eo conselleiro do Goberno d'Euzkadi Xosé Aznar; polos galegos o noso irmán Prada; e polos cataláns o laureado poeta e ilustre diplomático, hoxe conselleiro do Goberno Catalán en París, Xosé Carner.

Da importancia do discurso de Prada da crara idea o feito de que o Consell Nacional de Cataluña acordase editalo en folleto que espallou ampliamente pol-América. Elo costitúe satisfacción e orgullo pra todos os galeguistas e de xeito especial pra nós os de Bós Aires.

¡BARBAROS! ¡ASESIÑOS!

Copiamos dos xornaes: "Madrid, 27 (A.P.) — Informouse que os supostos dirixentes do Partido Comunista de Lugo foron executados polo garrrete a comenzos desta semana. Trátase dos señores Xulio López e Ramón Vivero Gesda, que foron xugados, xunto con outros cincuenta e cinco acusados, polo Tribunal Militar da Cruña o 17 de xulio próximo pasado.

As sentencias de morte que reciberon outros tres acusados

FACSIMILE DA TARXETA QUE OS GALEGOS EMIGRADOS N'AMERICA ENVIARÁN ÁS NACIÓNS UNIDAS, COMO PROTESTA DA CONTINUACION DO REXIMEN DE FRANCO



OS POVOS DE HESPAÑA ESTÁN AGARDANDO POL-A XUSTIZA QUE AS DEMOCRACIAS PROMETERON



NAS declaracións firmadas por un dos acusados de Núremberg, o mariscal Keitel, cóntase con luxo de datos como Hitler e Franco tiñan praneado o ataque a Xibraltar e as causas pol-as que non se levou a cabo.

Supomos que no Foreign Office i en Wall Street, onde moi pechadas se gardan as probas documentaes de tales declaracións, non gustaría nin miga a indiscreción do alemán, cando xa Franco, a forza de repetir o seu slogan anticomunista, vai camiño de demostrar que é un defensor da civilización occidental, un campeón do cristianismo, e rematará por trocarse de monifate nazifeixista en mestre da democracia mundial.

NO artigo 3 da Carta do Atlántico, os firmantes declaraban que "anceían que se restituían os dereitos soberáns e a independencia ós pobos que foron despoixados de ises dereitos pola forza".

Ise soñene documento foi esquirto en papel moi fino.

O eixemplo do Centro Gallego de Bós Aires n-iso de orgaizar festas enxebres vaise convertindo en andacio.

A Sociedade do Carballiño, pra "recordar las tradicionales fiestas que se celebran en esta fecha en aquella región" orgaizou unha festa na que Angelillo cantou algúns números de "cante jondo".

Dobrando o mapa, o Carballiño debe estar perto de Puerto Real.

A iste paso, Don Manuel Dopazo vai a ter que trocar a gaita por unha guitarra.

UN folleto publicado en México por Pedro Longueira, diputado asalariado de Don Inda, escomenza con ista inspirada invocación, composta en mayúsculas "España dolorida y esperanzada, carne de nuestra carne, sangre de nuestra sangre".

Podería seguir o rosario de fermosas metáforas, tan novas, tan antoloxiabres, deica o infindo. Por ise camiño de enfiar verbas chégase incruzo á Academia. E Longueiriña non é menos adocenado que García Sánchis.

POIS o tal Longueiriña négalle prestixio, representación suficiente, incruzo dereito, a Castelao pra representar a Galiza no Goberno de Xiral, i encabúxase co iste por non terlle consultado a íl, e a outros cinco esilados galegos tan ilustres como íl, a incrusión de Castelao no Goberno.

Entre os defeitos de Castelao anótase o de ser un pintor das miserias de Galiza. "Nunca pintó ni dibujó el Arsenal de El Ferrol ni las fiestas de María Pita".

Verdadeiramente estamos a tremar. Con nemigos tan intelixentes, a personalidade de Castelao vaise a esmorecer. Se redaita dous folletos máis, os centos de miles de galegos que creen na lealdade, na honradez e no talento de Castelao, terminarán por decatarse do seu erro...

OUTRO caso tremendísimo denunciado por Longueira. Resulta que o noso irmán Rodolfo Prada — ¡quén o diría! — é un protexido, un mimado dos franquistas.

Iste Longueiriña, "capitán moi divertido", é un home espelido que ve debaixo da auga. Craro, como íl sabe o que é cobrar unha soldada...

foron conmutadas por prisión perpetua. Antre éstos atópase Enriqueta Otero Blanco, que resultou ferida na rodela ao resistirse a ser detida e presentouse ao xuício camiñando coa axuda de muletas. Presúmese que dita muller era segredaria e tesoureira do Partido Comunista de Lugo.

Ningún dos detidos foi acusado de asesinato, pero o fiscal acusou ao señor Nieto de haber impartido instruccións aos guerrilleros para que cometieran actos de violencia e de haber redaitado unha lista de cento

coarenta promiñentes membros da Falanxe — incluíndo catro gobernadores de provincia — a quenes deberíase dar morte. Durante o xuício, o señor Nieto declarou que dito documento había sido fraguado pola "polticia".

Esto que acabas de leer, caro lector, non é unha fantasía de Inlandia; esto pasa na Hespaña imperial e católica, co visto bó de todos os sinvergonzas que a todas horas teñen a Deus e a democracia nos beizos.

Vaian notas invitando aos hespañoes a desembarzarse da tiranía feixista. ¡Qué asco!